

Lingua e Administración

EDITORIAL

O pasado mes de xuño o Parlamento de Galicia aprobou a "Lei do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais" (D.O.G. núm. 124, do 30 de xuño). Trátase dunha Lei na que, facendo fincapé no art. 4.1. da Lei de Normalización Lingüística que declara ó galego como lingua oficial da Administración local, se recollen as medidas mínimas que terán que adoptar as Corporacións Locais para faceren efectiva a intención da Lei. A Disposición transitoria fixa un prazo de dous anos "para a realización material do disposto nela e darlle cumprimento".

A Lei que comentamos recolle en certo grao o programa da "Declaración dos Alcaldes", asinada en Compostela no ano 1984 por cento e pico de rexedores municipais. Daquela o compromiso contraído polas Corporacións representadas no acto formal da sinatura do documento non tiña outra forza cá das boas intencións. Inmediatamente despois xerouse no País un ambiente favorable e algúns concellos empezaron a dar mostras de vontade política. Apareceron máis —moi poucos, por certo— concellos que publicaban anuncios en galego no Boletín Oficial da Provincia, por exemplo. A inmensa maioría das Corporacións Locais esqueceron o compromiso. Pasou o día, pasou a romaría, deberon dicir moitos alcaldes.

Posteriormente, vintecinco concellos asinan un convenio co Instituto da Lingua Galega para a creación da Sección de Linguaxe Administrativa, encomendándose a este novo organismo a elaboración e publicación dos Cadernos de Documentación Municipal, un corpus documental no que se recollen, dun xeito sistemático, os expedientes administrativos.

Ó quentor daqueles acontecementos prometeranse a creación de varios servizos municipais de normalización lingüística. Logo, non foran tantos. Apenas dous.

Desde entón a ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA, como xa o viña facendo, seguiu teimando para que o proceso iniciado seguise o seu curso. Sucederonse as entrevistas con Alcaldes, Directores Xerais de Política Lingüística, da Función Pública e cos grupos parlamentarios.

Malia que o art. 6.4. se refire á actividade normalizadora tanto da Xunta coma dos Concellos, reservándolles facultades, o certo é que a inactividade normativa das Administracións está a condicionar un proceso. Conscientes da existencia dun baleiro regulamentario, a Asociación redactou un modelo de Ordenanza reguladora do uso do galego que foi enviado a tódolos grupos políticos con representación nos 313 concellos galegos. Son poucas as Corporacións que aprobaron este Regulamento, nin tan siquiera un texto alternativo. A situación segue a ser, pois, moi desespeanzadora.

SUMARIO

Editorial	1
XURISPRUDENCIA.	
¿Novos aires no Tribunal Supremo?	2
GRAMATICA.	
Os riscos dunha excesiva dependencia do castelán na configuración da linguaxe administrativa galega (I) ..	3
Unha chamada de atención sobre o emprego do galego e do castelán nas publicacións oficiais	4
DOCUMENTOS.	
Modelos de documentación municipal	5
O MARCO XURÍDICO.	
Proxecto de norma que regule o uso das linguas oficiais na administración autonómica galega	9
ORDENANZA MUNICIPAL	10
NOVAS.	
Linguaxe administrativa no Instituto da Lingua Galega	11
Servicio de normalización lingüística no rectorado	11
XUSTICIA	12

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carlos Díaz Abraira
Xermán García Cancela
Xosé González Martínez
María Xesús Miramontes Castro
Mercedes Penoucos Castiñeiras
Xosé Torres Romar

DESEÑO:

M. Janeiro
F. Mantecón

IMPRESOR:

Artes Gráficas Galicia, S.A.
Rúa Segovia, 15 - VIGO
Depósito Legal: VG-186-1985

EDITA: "ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA".

(Este número está subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia).

¿NOVOS AIRES NO TRIBUNAL SUPREMO?(*)

É evidente que o Tribunal Supremo, un dos altos tribunais do Estado español que producen xurisprudencia, foi xerando á vista das decisións dictadas durante a época democrática en materia de linguas, un clima de preocupación e desencanto que desembocou nunha desconfianza crónica á hora de esperar unha nova decisión, desconfianza que era amplamente atenuada pola esperanza, ben a miúdo un falso encantamento, de que o Tribunal Constitucional achegaría unha visión máis axustada respecto dos dereitos lingüísticos que se desprenden do bloque constitucional.

Recentemente, sen embargo, vimos aparecer dúas sentencias que veñen rachar con esta liña e abren unhas perspectivas optimistas que cabe esperar que non sexan efímeras. Trátase das sentencias do 19 (Sala 5a.) e 21 (Sala 3ª.) de xaneiro de 1988. Cómpre valorar positivamente de entrada o feito de que estas sentencias esperanzadoras procedan de dúas salas diferentes.

A SENTENCIA DO 19 DE XANEIRO DE 1988

A súa importancia radica tanto no contido da decisión como nos argumentos que a fundamentan. É certo que, a diferenza da Sentencia que comentaremos máis adiante, neste caso o Tribunal Supremo atópase cunha posición da Audiencia Territorial decididamente favorable ó mantemento e á legalidade da orde impugnada, pero non é menos certo que en determinados casos o alto Tribunal ten rectificando a decisión do inferior sempre —que saibamos— en prexuício da lingua diferente do castelán (por exemplo, as sentencias do 25 de xaneiro, 3 de maio, 28 de xullo de 1984, 28 de marzo de 1985), coa excepción precisamente da Sentencia que comentaremos logo.

No caso que agora comentamos, impugnábase a Orde do Departamento de Cultura do 19 de febreiro

de 1987 pola que se convocan os Premios de Cinematografía da Generalitat de Cataluña correspondentes a 1987, que se outorgan a películas unicamente en lingua catalana, de acordo coas bases da Orde do 21 de xullo de 1983 que creou os devanditos premios. A Audiencia Territorial, na Sentencia do 25 de xuño de 1987, atopaba que este mecanismo de fomento do cinema en catalán é perfectamente axustado ó que prescribe o artigo 23.1 da Lei de Normalización Lingüística, que ordena que a Generalitat leve a termo este fomento e estímulo. O feito de que observe esta medida de promoción tan consecuente co artigo transcrito, fai que a fundamentación xurídica nin tan sequera se pare a analizar se a desigualdade en favor do catalán é xustificada, razoable e proporcionada porque non se pode tildar de discriminatoria. Máis aínda, a Audiencia, para completala súa argumentación, non soamente non acode ó exame de se a medida é discriminatoria ou non, senón que fundamenta a legalidade dos Premios no artigo 3.3 da Constitución española, tan esquecido ata o de agora pola nosa xurisprudencia, e —segundo o preámbulo da Lei de Normalización Lingüística— na precariedade da situación da lingua catalana, que o mesmo tribunal califica de “certamente real e notoria”.

O Tribunal Supremo non só non corrixe ningunha destas afirmacións, senón que ademais fai outras que continúan a constituir unha auténtica novidade xurisprudencial:

1. Insiste en fundamentala constitucionalidade do fomento do catalán no artigo 3.3 da Constitución, o cal constitúe unha adición á mera oficialidade das linguas diferentes do castelán, e nel fundamenta, pois, a outra normativa autonómica de protección das linguas propias. Este feito é sumamente importante xa que rompe coa estendida opinión de que o artigo 3.3 da Constitución soamente se refire ás

modalidades lingüísticas dialectais ou non oficializadas, en contraposición á oficialidade do castelán e das linguas recoñecidas como tales estatutariamente que prescriben os apartados anteriores do mesmo artigo 3.

2. O Tribunal Supremo, seguindo a liña encetada polo punto comentado anteriormente, fala aberrantemente da contribución destas medidas ó proceso de normalización lingüística da lingua catalana.

3. Afírmase, pois, que “se o que se pretende é fomentalo desenvolvemento da lingua catalana como riqueza e patrimonio cultural, este fomento terá de comportar necesariamente medidas favorecedoras respecto da outra lingua cooficial —o castelán—, feito que deberá comportar un tratamento desigual ou desequilibrado que non ten por que traducirse na ruptura do dereito á igualdade en tanto que están condicionados os seus fundamentos por motivacións razoables e en última instancia, no caso presente, para dotar de contido material un precepto constitucional (continúa referíndose ó artigo 3.3 da Constitución)”.

4. Salientemos, ademais, que a sentenza da Audiencia reproduce o texto en catalán do artigo 23.1, e que o Tribunal Supremo, ó transcribi-los argumentos de dereito da Sentencia obxecto de apelación, como antecedentes de feito da súa, tamén reproduce en catalán esta disposición. Este feito non tería máis trascendencia se non fose polos escrúpulos que demostrara anteriormente este Tribunal noutros casos como, por exemplo, o da anulación, pola Sentencia do 26 de marzo de 1987, dunha decisión da maxistratura de traballo de Barcelona porque contiña un informe médico redactado en catalán. A inserción de textos en linguas diferentes do castelán en expedientes que se debían resolver en organismos estatais debería converterse nun feito normal que non comportase nin retra-

so, nin traducións innecesarias nin reaccións viscerais como a que acabo de citar. Pero é que, ademais, a inserción dun precepto legal do noso Parlamento en catalán no contexto dunha sentenza do Tribunal Supremo (non consideremos agora significativo o feito de que nos fundamentos de dereito volva aparecer a norma en castelán: todo chegará) é unha proba implícita pero eloquente de que, de cara á interpretación das disposicións legais da Generalitat, o texto catalán é o auténtico ou, se queremos, que o alto Tribunal empeza a capta-lo concepto de lingua propia.

A SENTENCIA DO 21 DE XANEIRO DE 1988

A diferenza da anterior, neste caso a apelación era contra a sentenza do 11 de marzo de 1985, pola que se pretendían anula-los puntos

principais da regulamentación de desenvolvemento da Lei de Normalización Lingüística no ámbito do ensino non universitario. No caso de se confirmar esta Sentencia, teríase actuado duramente contra o sistema de conxunción lingüística que foi configurando a Generalitat a partir da mesma Lei de Normalización Lingüística. Pensemos que detrás das disposicións impugnadas está a vontade de evita-la consolidación de dúas comunidades lingüísticas separadas. O Tribunal Supremo, poida que consciente das graves consecuencias sociais que podería chegar a te-la sentenza da Audiencia, e querendo tamén evitar contradicila abertamente, aproveitou a ocasión que lle brindaba a confusa regulación das exencións do recurso de reposición previo á vía contencioso-administrativa, xuntamente coa negligencia da parte impugnadora, que non se moles-

tou en interpoñer un recurso que a lei permite en todo caso, e así anulou comodamente as actuacións sen necesidade de se pronunciar, aducindo a falta dun recurso preceptivo previo de reposición.

É evidente que esta solución é insatisfactoria porque deixa aberta a posibilidade dunha nova impugnación, pero o certo é que neste caso, e vistas as circunstancias negativas que o preceden, podemos ser moderadamente optimistas.

Joan Ramón Solé i Durany

(*) Este artigo é tradución do publicado no número 30 da revista *Llengua i Administració*. Agradecemoslle ó seu autor que nos permitise reproducilo neste número, dado o interese que consideramos que teñen tamén en Galicia as posicións do Tribunal Supremo ante os dereitos lingüísticos.

gramática

OS RISCOS DUNHA EXCESIVA DEPENDENCIA DO CASTELAN NA CONFIGURACION DA LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA (I)

É un feito constatable que o réxime de cooficialidade lingüística xurdida en Galicia a raíz das normas contidas na Constitución española, no Estatuto de Autonomía, na Lei de normalización lingüística e en normas posteriores está a provocar distorsións importantes desde o punto de vista estrictamente lingüístico na configuración dunha linguaxe administrativa galega moderna e eficaz.

Entre outras causas, cómpre salienta-la excesiva dependencia que do modelo castelán se observan nos textos emanados da Administración, unhas veces incluso baixo o sistema de dobre columna, outras veces con utilización exclusiva do galego pero cunha clara sumisión a modelos castelán coñecidos.

Deixando de lado a obrigada dependencia en moitos casos derivada da dependencia dunha Administración que de sempre "falou" caste-

lán e que nos leva a dependermos duns conceptos xurídico-administrativos do que non podemos liberarnos, en moitos outros casos é obvio que o galego pode e debe liberarse desa excesiva subsidiariedade do modelo castelán.

Cómpre distinguir varios niveis nos que a influencia castelá se deixa sentir:

a) *A nivel das relacións que se establecen entre administradores e administrados.* Independentemente das correccións que a este nivel se están dando dentro da linguaxe administrativa castelá o galego debe tomar iniciativas que supoñan un cambio deses modelos de relación. As relacións de humillación ou excesiva sumisión do administrado ó administrador, que aínda se poden observar moitas veces en modelos casteláns (plasmadas en fórmulas do tipo "suplica" ou "ruega") deben ser superadas e trocadas por

outras nas que se establece unha relación de igualdade, aínda que co necesario respecto mutuo (plasmadas en fórmulas do tipo "solicita" ou "o que espera obter conforme a dereito", uns tratamentos de cortesía propios dun tipo de linguaxe formal, etc.).

b) *A nivel estilístico e sintáctico.* O recargamento excesivo das frases, unha excesiva utilización de sustantivos ou adxectivos, unha repetición innecesaria de termos deben ser substituídos por unha construción fraseolóxica na que primen as frases curtas, unha puntuación adecuada e correcta, unha utilización de verbos de acción e non dos sustantivos correspondentes, unha utilización dun único termo no caso en que sexa realmente suficiente, etc.

Deste xeito, aínda que por razóns de distinto tipo partamos do modelo castelán ou de textos redactados en castelán, á hora da súa tra-

ducción ó galego debemos superar un modelo de traducción que sexa un calco puro e simple do texto castelán, para, trasvasando ó galego tódolos conceptos que se queren manifestar, o fagamos baixo estruturas sintácticas moito máis claras e concisas.

c) *A nivel terminolóxico.* O seguimento do modelo castelán pode levarnos a calcar tanto usos correctos como incorrectos. Este último caso dáse na utilización de determinados termos que, existindo en galego, deben restrinxir-lo seu uso con respecto ó castelán ou seren utilizados cun réxime adecuado, no caso dos verbos. En números anteriores de *Lingua e Administración* xa comentamos algúns casos deste tipo pero a lista é moito máis ampla: verbos como *cumprimentar, cesar, informar, recorrer, ostentar, investir*, etc. non teñen en galego o uso ou a construción que o uso administrativo lles deu en castelán.

Por outro lado e tamén neste aspecto é necesario recordar que non por coincidir co castelán unha inmensa maioría de termos válidos en galego deixan de selo. Esta coincidencia, que se debe ó fondo común do que parten ámbalas linguas —o latín—, non debe en ningún momento levarnos á utilización de diferencialismos innecesarios e moitas veces incorrectos.

Por outro lado, cómpre a este nivel non esquece-la sinonimia de moitos termos pero cun uso especializado segundo o rexistro no que se utilicen.

Por outra parte, moitos dos termos fixados para o galego deben ser potenciados e empregados por parte dos usuarios aínda cando non exista unha tradición no seu uso.

Nunha entrega posterior analizaremos polo miúdo cada un destes niveis de influencia con exemplos que avalan o que estamos a comentar.

Como síntese debemos insistir na necesidade de que os redactores de textos administrativos en galego non caian en ningún dos defectos que comentamos: nin nunha excesiva *calcofilia* do modelo administrativo castelán nin nunha excesiva *calcofobia*. O rexistro administrativo galego debe crearse e consolidarse como propio, partindo do que de bo teñan non só o castelán senón outros idiomas e rexeitando os abusos que a distintos niveis se dan na linguaxe administrativa castelá, e non caendo tampouco na trampa de rexeitar coincidencias co castelán, sobre todo a nivel terminolóxico, que non por seren iguais deixan de ser galego correcto.

X.G.C. (L.A.)

UNHA CHAMADA DE ATENCIÓN SOBRE O EMPREGO DO GALEGO E DO CASTELÁN NAS PUBLICACIONES OFICIAIS

Desde o nacemento da AFNLG e desde o primeiro número desta revista foi unha das nosas teimas a de facernos oír diante das institucións públicas galegas para que empregasen o galego nas súas publicacións oficiais (Diario Oficial de Galicia e Boletíns Oficiais das provincias, fundamentalmente).

No caso do DOG hai que felicitar-se polo feito de que xa hai anos empregue exclusivamente o galego na tirada principal e que só empregue o castelán para unha tirada máis reducida, para o caso de solicitudes de subscripción a este idioma.

Non podemos dicir outro tanto dos Boletíns Oficiais da Provincia, ben pouco respetuosos co réxime de dobre oficialidade lingüística e que sistematicamente conculcan os principios consagrados na Constitución, no Estatuto e na Lei de Normalización Lingüística, mesmo en casos nos que a legalidade non está suxeita a ningunha discusión como é o emprego dos topónimos, que, segundo o artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística, “teñen como única forma oficial a galega”.

Sen embargo aquí queremos chama-la atención por un feito que se produce no número 250 do 31 de outubro do presente ano do “Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña”, e que nos parece dunha falta total de respecto e de seriedade.

Na primeira páxina, no epígrafe dun anuncio atopámo-lo seguinte: “Xunta de Galicia/Consellería de Industria, Comercio e Turismo/Delegación Provincial de La Coruña/Informazón Pública Solicitud Declarazón Urxente Ocupación” (Logo segue o texto do anuncio en castelán).

A falta de respecto polo emprego do galego como lingua oficial repítese unha vez máis no emprego do topónimo (LA CORUÑA), pero neste caso chega mesmo á súa utilización dun xeito absolutamente disparatado no medio dun texto en castelán.

Nin “informazón”, nin ‘pública’ nin ‘declarazón’ son palabras galegas, moito menos o é ‘solicitud’; polo menos acertan en ‘urxente’ e hai que supoñer que se o

redactor de semellante barbaridade quixese levar ás súas últimas consecuencias a súa simpatía por solucións non normativas debería escribir ‘urgente’ e ‘ocupazón’.

A “informazón” provén dun órgano da Administración autonómica, a encargada de velar polo cumprimento da lexislación. E que sucede ¿que a lexislación sobre a lingua non ten a mesma categoría que outra calquera?. A verdade é que cada vez parece confirmarse que non. Día tras día pode observarse unha conculcación sistemática dos principios legais de oficialidade do galego. ¿Algún día os cidadáns de Galicia poderemos circular en dirección contraria polas nosas estradas ou cazar e pescar en época de veda sen que a autoridade competente nos persiga como infractores?

L. e A.

documentos

MODELOS DE DOCUMENTACIÓN MUNICIPAL

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS XERAIS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCERTO DIRECTO DE OBRAS.

I. Elementos do contrato

1. **Obxecto.**- É a execución das obras descritas no proxecto ó que se refire o epígrafe núm. 1 do cadro que se achega como anexo núm. 1, con suxeición á memoria, planos, cadros de precios e porcentaxes, e prego de prescricións técnicas. O conxunto do citado proxecto considérase como parte integrante do presente prego e en consecuencia terá carácter contractual.
2. **Tipo de licitación.**- É o importe do proxecto que figura no epígrafe núm. 2 do cadro de características do contrato (anexo núm. 1).
Na contratación destas obras enténdese que os licitadores, ó formularen as súas propostas económicas, inclúen nas mesmas o importe do Imposto de Valor Engadido (IVE). Xa que logo, as súas ofertas abranguen non só o precio de contrata, senón tamén o importe do citado imposto.
3. **Financiamento.**- As obrigas económicas que se derivan para o Concello d..... do cumprimento deste contrato serán atendidas a conta da partida do presuposto ordinario que se sinala no epígrafe núm. 3 do cadro de características do contrato (anexo núm. 1).
4. **Revisión de precios.**- No presente contrato non haberá revisión de precios.
5. **Prazo de execución.**- É o sinalado no epígrafe núm. 4 do cadro de características do contrato (anexo núm. 1), contando a partir da sinatura da acta de comprobación do replanteo, non sendo que haxa reserva fundada que impida o seu inicio. O prazo contractual poderá ser prorrogado de concorreren as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente e os prazos parciais serán os que, se é o caso, sinala o acordo de aprobación do programa de traballo.
6. **Capacidade para contratar.**- Poden concorrer por sí ou por medio de representante as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas en ningunha das circunstancias que sinalan o artigo 9 da LCE e o RCCL.
7. **Clasificación do contratista.**- Para contrata-la execución dunha obra que teña un presuposto superior a des millóns de pesetas é requisito indispensable que o contratista obtivese previamente a correspondente clasificación, sinalada no epígrafe núm. 5 do cadro de características do contrato (anexo núm. 1).
8. **Agrupacións temporais de empresas.**- O Concello tamén poderá contratar con agrupacións de empresas que se constitúan temporalmente, na forma sinalada no artigo 10 da LCE e 26 e 27 do RXCE.

II. Adxudicación.

9. **Forma de licitación.**- O contrato adxudicarase polo sistema de concerto directo.
10. **Anuncio.**- A licitación será anunciada mediante a publicación do correspondente edicto en dous xornais dos que teñan máis circulación na provincia.
11. **Prazo e lugar de presentación das proposicións.**- É o de DEZ DÍAS HÁBILES contados a partir da última publicación do anuncio citado. Deberán ser presentadas de 9 a 14 horas no rexistro xeral do Concello en dous sobres cerrados, que tamén poden ser lacrados e precintados, coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte.

Os dous sobres na súa parte traseira levarán os seguintes datos: a) título da obra; b) nome do contratista e c) lugar, data e sinatura do licitador.

12.- **Proposicións.**-

- A) O sobre "A", titulado "Documentación", contera a seguinte:
 - a) Empresario individual: fotocopia do DNI.
 - b) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no rexistro mercantil.
 - c) Poderes: cando o licitador actúe en nome doutra persoa ou cando se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, débese achegar poder notarial que acredite a representación, coa verificación da súa suficiencia polo secretario xeral da Corporación ou letrado da mesma no que delegue.
 - d) Declaración expresa de que o licitador non incorre en ningunha das prohibicións para contratar ou nas incompatibilidades establecidas no artigo 9 da LCE e RCCL.
 - e) Certificación ou recibo que acredite o pagamento da licenza fiscal correspondente á actividade de que se trata.
 - f) Certificación ou documento que acredite a presentación e ingreso do IRPF, do imposto sobre sociedades, dos pagamentos a conta ou fraccionados ou das retencións a conta de ambos e do IVE.

g) Certificación ou documento que acredite a presentación da relación anual de ingresos e pagamentos a que se refire o RD 1913/78, do 8 de xullo.

h) Certificación ou documento que acredite que o licitador está ó corrente no cumprimento das súas obrigas de seguridade social.

Os documentos referidos nos anteriores apartados e), f), g) e h) poden ser substituídos por unha declaración expresa responsable do contratista pero nese caso o Concello requirirá a presentación dos mesmos ós licitadores que poden resultar seleccionados, antes de adxudica-lo contrato.

i) Documento de clasificación empresarial: certificación expedida polo Rexistro Oficial de Contratistas no que conste a clasificación nos grupos e subgrupos requiridos.

l) Documento de calificación empresarial expedido pola correspondente Delegación de Industria consonte a O.M. do 3 de agosto de 1979.

Tódolos documentos citados deberán ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas polo secretario xeral da Corporación ou funcionario no que delegue, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.

B) O sobre "B", titulado "Oferta económica", conterá unicamente a oferta económica, conforme ó modelo que se achega como anexo núm. 2.

13. *Fianza provisoria.*- Coa documentación á que se refire a cláusula anterior será aportado por fóra do sobre "A" o documento que acredite que se constituíu na Tesourería Municipal a fianza provisoria equivalente ó dous por cento do presuposto da licitación e na contía concreta sinalada no epígrafe núm. 8 do cadro de características do contrato (anexo núm. 1). A fianza poderá ser constituída en calquera das formas admitidas pola lexislación reguladora da contratación administrativa.
14. *Apertura de plicas e adxudicación.*- A apertura de plicas terá lugar na casa consistorial ás doce horas do día hábil seguinte ó remate do prazo de presentación de proposicións e, tralos informes técnicos que xulgue procedentes, o órgano municipal competente adxudicará o contrato.

III. Formalización do contrato.

15. *Fianza definitiva.*- O adxudicatario deberá poñer a fianza definitiva no prazo de dez días hábiles contados desde que reciba a notificación da adxudicación, polo importe do catro por cento do precio de adxudicación. No caso de que a adxudicación se faga cunha baixa superior ó dez por cento do tipo de licitación, o licitador seleccionado deberá constituír unha fianza complementaria por importe da terceira parte da diferenza entre o citado importe do dez por cento e a baixa ofrecida.
16. *Formalización do contrato.*- Será en documento administrativo na data que sinale o Concello e no prazo de dez días hábiles despois da constitución da fianza definitiva e complementaria, se é o caso.

IV. Execución do contrato.

17. *Acta de comprobación e inicio das obras.*- No mes seguinte á adxudicación efectuarase a comprobación do replanteo, na data que sinale a administración. O contratista está obrigado a acudir ó mesmo, para o que será notificado previamente e subscribirá a correspondente acta, de conformidade co artigo 127 do RXCE.
- O contratista deberá: a) inicia-las obras no prazo de quince días; e b) presenta-lo programa de traballo ó que se refire o artigo 128 do RXCE no prazo de un mes.

Ámbolos dous prazos cóntanse a partir da sinatura da acta de comprobación citada máis arriba.

O Alcalde poderá dispensa-lo contratista da obriga de presenta-lo programa de traballo, tendo en conta a natureza da obra de que se trata e por proposta do seu técnico-director.

18. *Carteis e sinais.*- O contratista está obrigado a poñer pola súa conta: a) un cartel anunciador da obra coas características que lle sinale o Concello; e b) os sinais indicativos de obras, perigo, precaución ou desviación e semellantes consonte o que dispón o Código da Circulación.

Tamén debe adopta-las medidas precautorias necesarias desde o inicio ó remate das obras e será responsable polos accidentes que ocorran por incumprimento desta cláusula.

19. *Ocupación de terreos.*- O contratista non pode ocupa-los terreos afectados pola obra ata recibi-la orde correspondente da dirección.
20. *Desenvolvemento dos traballos.*-

1) O contratista deberá executa-las obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no proxecto aprobado e en toda a documentación que o integra e de conformidade coas normas xerais e particulares de índole técnica, estatal ou autonómica. Tamén deberá emprega-los elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

2) *Recepción e recusación de materiais.* O contratista soamente pode emprega-los materiais na obra logo do seu exame e aceptación polo técnico-director, nos termos e formas que este sinale, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o técnico-director non aceptase os materiais sometidos ó seu exame deberá comunicalo por escrito ó contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

3) *Obras defectuosas ou mal executadas.* Ata que teña lugar a recepción definitiva o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houbese, sen que sexa eximente nin lle dea ningún dereito a circunstancia de que os representantes da administración tivesen examinado ou recoñecido ó longo da súa construción as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que fosen incluídos uns e mailos outros nas medicións e certificacións parciais.

4) Derruba e reconstrucción das obras defectuosas ou mal executadas. De se advertiren chatas ou defectos na construcción ou de se teren fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o técnico-director ordenará durante o curso da súa execución e antes da súa recepción definitiva, a derruba e reconstrucción das unidades de obra nas que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobala existencia de tales chatas.

5) Obxectos achados nas obras. Aplicaranse as normas vixentes sobre a propiedade dos obxectos de arte, antigüidades, moedas e, en xeral, obxectos de tódalas clases que se achen nas escavacións e derrubas practicadas en terreos da administración ou expropiados para a execución da obra, sen mingua dos dereitos que legalmente correspondan a terceiros.

21. *Dirección e inspección das obras.*- A dirección e inspección das obras corresponde ó técnico-director das mesmas, que dictará as instruccións necesarias ó contratista para a súa normal e boa execución e que sinalará o seu ritmo mediante as anotacións precisas no libro de ordens. Non obstante, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o coide oportuno ou encomendar estas funcións ós técnicos da Corporación.

22. *Lexislación laboral e seguridade social.*- O contratista deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

23. *Responsabilidade de danos.* Será pola conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuícios e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que remate o prazo de garantía da obra.

Tamén responderá civil e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante como consecuencia dos vicios ocultos das obras.

A cantidade na que se concreten estes danos será inmediatamente esixida pola vía de constrinximento administrativo.

24. *Custodia e conservación.*- O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de avaría, perdas ou prexuícios nos bens, ata a súa recepción definitiva.

25. *Gastos de anuncios e tributos.*- O adxudicatario obrígase a pagar tódolos gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, así como os de adxudicación e o anuncio de devolución de garantía.

Así mesmo deberá pagar tódolos impostos, contribucións e taxas que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

26. *Control de calidade.*- A dirección pode ordenar que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán pola conta do contratista ata un máximo do 1 por cento do presuposto da obra.

O importe destes gastos deberá ingresalo o contratista na Tesourería da Corporación no prazo de QUINCE DIAS SOLTOS contando desde o requirimento que se lle faga para o seu aboamento. E se non o fíxese facúltase á Corporación para rete-lo importe en calquera das certificacións de obra ou no seu defecto sobre a fianza definitiva constituída polo contratista.

27. *Dereitos do adxudicatario.*-

1) Dereito ó aboamento da obra que realmente execute consonte as cláusulas do presente prego, no prazo máximo de tres meses contando dende a aprobación da correspondente certificación.

2) Dereito a cobra-lo interese legal sobre as cantidades debidas se a administración adiaise o pagamento do precio por un prazo superior a tres meses, logo de que requira á administración municipal por escrito o cumprimento da súa obriga e a partir deste requirimento, sen efectos retroactivos, de conformidade co artigo 264 do RXCE.

3) Dereito a ceder e peñar conforme a dereito as certificacións que por importe das obras realizadas se expidisen ó seu nome.

28. *Aboamento da obra executada.*-

1) *Medicións.* O técnico-director realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

2) *Relacións valoradas.* O técnico-director con base nas medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os precios contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.

3) *Certificacións.* As certificacións elabóranse con base na relación valorada e tramítanse polo técnico-director nos dez días seguintes ó período ó que correspondan, con audiencia ó contratista para a súa conformidade ou reparos.

4) Os pagamentos verifícanse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, redactadas polo técnico-director da obra e aprobadas pola Comisión de Goberno da Corporación. Teñen o carácter de feitos a boa conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e non supoñen a aprobación e recepción das obras.

29. *Sanción por incumprimento de prazos.*- Cando sexan imputables ó contratista os retrasos ou demoras no cumprimento dos prazos establecidos para a execución do contrato, o presidente da Corporación poderá elixir, indistintamente, entre a resolución do contrato con perda da fianza ou a imposición de sancións administrativas. Tamén terá esa facultade tocante ó retraso no cumprimento dos prazos parciais.

A constitución en mora do contratista non esixe o requirimento previo por parte da administración.

As sancións gradúanse con carácter xeral en atención ó presuposto total ou parcial das obras e segundo que o prazo incumprido sexa o total ou un parcial da mesma, consonte o que dispón o artigo 138 do RXCE.

30. **Modificacións de obras.**- En ningún caso o técnico-director ou o adxudicatario poderán modifica-las obras obxecto do contrato sen aprobación previa do órgano municipal competente.
31. **Cesión do contrato e subcontrato de obras.**- Os adxudicatarios non poderán cede-los dereitos dimanantes dun contrato de obras ou subcontratar unidades de obra sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación.
32. **Recepción provisoria.**- O contratista comunicará por escrito ó técnico-director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de vinte días.
A recepción provisoria das obras será no prazo de un mes contando a partir do remate do prazo contractual, incluídas, se é o caso, as prórrogas legalmente concedidas de conformidade co artigo 170 do RXCE.
33. **Liquidación provisoria.**-
1) Medición xeral e definitiva. Recibidas provisoriamente as obras procédese logo á súa medición xeral e definitiva con asistencia do contratista ou dun representante seu.
2) Liquidación provisoria. O director formulará a liquidación provisoria aplicando ó resultado da medición xeral os prezos e condicións económicas do contrato, de conformidade co disposto no artigo 172 RXCE.
34. **Prazo de garantía.**- O prazo de garantía é de un ano contando desde a recepción provisoria das obras e durante o mesmo o contratista estará obrigado a gardar e conserva-las obras, é responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan e deberá seguir, se é o caso, as instrucións que reciba do técnico-director.
Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para o seu amaño serán executados pola administración contratante, a conta do contratista.
35. **Recepción e liquidación definitiva.**- No mes seguinte ó cumprimento do prazo de garantía terá lugar a recepción definitiva das obras, conforme á vixente lexislación.
O contratista solicitará do técnico-director a recepción e a liquidación definitiva das obras con un mes de antelación á data de remate do prazo de garantía.
Logo da recepción e liquidación definitivas e cumprido o contrato sen que houbese que esixir responsabilidades, tramítase a devolución da fianza de conformidade co artigo 88 do RCCL.
36. **Causas de resolución.**- Son as previstas no artigo 52 da LCE e 157 do seu Regulamento. Cando o contrato se resolva por causa imputable ó contratista seralle incautada a fianza e ademais deberá indemnizar á Corporación por razón dos danos e perdas ocasionados.
37. **Réxime xurídico do contrato.**- O presente contrato ten carácter administrativo e ambas partes quedan suxeitas á lexislación básica do Estado en materia de contratación administrativa, á LBRL 7/85, ó TRRL 781/86 e ó RCCL; supletoriamente ás restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto ás de dereito privado.

ANEXO

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO
2. TIPO DE LICITACIÓN:
3. PARTIDA:
4. PRAZO DE EXECUCIÓN:
5. CLASIFICACIÓN:
6. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS:
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS: o día de de 19....., ás horas
8. FIANZA PROVISORIA:
9. FIANZA DEFINITIVA:
10. TAXAS DO CONTRATO: Ordenanza fiscal N°.
11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

o marco xurídico

PROXECTO DE NORMA QUE REGULE O USO DAS LINGUAS OFICIAIS NA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA GALEGA

O escaso desenvolvemento normativo que tivo a Lei de Normalización Lingüística fixo que na Administración Autonómica o uso da lingua galega sexa desigual en tódalas Consellerías e mesmo frecuente que nela se use moito o castelán na produción documental.

Este problema foi atallado polos Gobiernos doutras Comunidades Autónomas con lingua propia. A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia envioulle ó Sr. Presidente do Goberno galego un proxecto de norma reguladora do uso das linguas oficiais na Administración Autonómica.

Velaquí o texto:

I.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Artigo 1.

1.1. O uso da lingua galega e da castelán por parte da Administración da Xunta de Galicia e dos organismos que dependan dela rexeranse polos criterios que establece a presente norma.

1.2. As relacións coas institucións e coas persoas físicas ou xurídicas reguladas nesta norma fan referencia ás que teñen lugar dentro do territorio do Estado español. Son extensibles, pois, ós cidadáns galegos por razón de veciñanza, segundo dispón o artigo 3.2. do Estatuto de Autonomía para Galicia.

II.- USO LINGÜÍSTICO XERAL.

Artigo 3.

As actuacións internas de carácter administrativo faranse en galego.

Artigo 4.

Os estudos, proxectos técnicos e traballos que a Xunta de Galicia encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego, anque a súa finalidade esixa a redacción noutra lingua.

III.- RELACIONS INSTITUCIONAIS.

Artigo 5.

A documentación que dirixa a Xunta de Galicia ás restantes Administracións Públicas, dentro do ámbito de Galicia e dos territorios que teñen o galego como idioma propio ou oficial, redactaranse en galego.

Artigo 6.

Os servizos da Xunta de Galicia admitirán os documentos que lle sexan dirixidos por outras Administracións Públicas redactados en calquera lingua oficial no seu respectivo territorio, de acordo co art. 3.3. da Constitución española.

Artigo 7.

Os documentos da Xunta de Galicia destinados a Administracións Públicas de fóra do ámbito lingüístico galego redactaranse en castelán ou, se for preciso, na lingua oficial propia da Administración receptora.

IV.- RELACIONS COS ADMINISTRADOS.

Artigo 8.

8.1. As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes no ámbito lingüístico galego faranse en lingua galega, sen prexuízo dos dereitos dos cidadáns a recibirena en castelán se o solicitasen.

8.2. As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas residentes fóra do ámbito lingüístico galego faranse normalmente en castelán, agás aqueles cidadáns ou persoas xurídicas ós que as leis, como queda recollido no art. 1.2. recoñece a súa veciñanza.

Artigo 9.

A Administración da Xunta admitirá as comunicacións que lle sexan dirixidas en castelán ou, se for do caso, noutra lingua oficial do territorio do comunicante.

Artigo 10.

Os documentos e impresos que deban causar efecto fóra de Galicia serán redactados en versión dobre, galego-castelán.

Artigo 11.

Os funcionarios dirixiranse ós cidadáns nas súas comunicacións orais normalmente en galego e respetarán a lingua que estes escollan para seren atendidos.

Artigo 12.

Tódolos documentos contractuais suscritos pola Xunta de Galicia serán redactados en galego. No caso de que a outra parte contratante o solicite farase tamén en castelán.

V.- AVISOS, PUBLICACIONES E ACTIVIDADES PÚBLICAS.

Artigo 13.

As disposicións da Administración da Xunta e dos organismos que dependan dela publicaranse sempre en galego.

Artigo 14.

Calquera disposición da Xunta de Galicia que teña que ser publicada no BOE será tramitada na súa versión castelán.

Artigo 15.

15.1. As revistas, carteis e, en xeral, as publicacións da Xunta de Galicia faranse en lingua galega, exceptuando as especificamente destinadas á promoción exterior, que se farán en edición bilingüe galego-castelán ou galego-lingua do país receptor.

15.2. Poderá editarse tamén a versión noutra lingua das publicacións e carteis da Xunta e, excepcionalmente, faranse publicacións noutra lingua, por razón da súa finalidade, a criterio da Consellería correspondente.

Artigo 16.

16.1. Os avisos, anuncios públicos e publicidade de toda clase que proceda da Xunta de Galicia e dos organismos que dela dependan faranse en galego en Galicia e, se fose preciso, reproduciranse en castelán, pero, en xeral, na dobre versión simultánea do mesmo texto.

16.2. Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicidade farase xeralmente en dobre versión.

Artigo 17.

Os cargos da Administración da Xunta de Galicia expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, ou nas Comunidades Galegas no exterior, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

VI.- REXISTROS.

Artigo 18.

18.1. Sen prexuízo do que, para os rexistros públicos, establece o artigo 9 da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística, nos rexistros administrativos das oficinas da Xunta de Galicia, os asentamentos faranse sempre en galego, sexa cal sexa o idioma no que se presenta o documento.

18.2. As certificacións que se expidan redactaranse na lingua que escolla o solicitante.

VII. RECICLAXE DO PERSOAL.

Artigo 19.

Os Secretarios Xerais Técnicos das Consellerías e mailos Directores dos organismos autónomos da Administración, de acordo coa Dirección Xeral da Función Pública, disporán as medidas necesarias para que, en cada unidade administrativa da Xunta de Galicia, o persoal que se relacione co público teña os coñecementos necesarios de galego para poder garanti-los dereitos dos cidadáns a escolleren a lingua de relación coa Administración.

A Escola de Administración Pública Galega, e subsidiariamente a Dirección Xeral da Función Pública, mentres aquela non entre en funcionamento, organizarán cursos de galego para tódolos funcionarios que se incorporen á Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Coa finalidade de facilita-lo uso da lingua galega créase a Coordinadora Interdepartamental da Linguaxe Administrativa, recaendo a súa dirección no persoal dos servizos de tradución do Diario Oficial de Galicia.

ordenanza municipal

A Asociación de Funcionarios redactou un modelo de Ordenanza de Normalización Lingüística que foi enviada a tódolos Concellos galegos coa finalidade de que fose estudiada polas Corporacións.

Moitas Corporacións aprobaron e xa está en vigor. Agora, o importante é que se respete o seu espírito e letra.

Art. 1.

- 1.- O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de
- 2.- As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.
- 3.- Os cidadáns teñen dereito a seren atendidos e obter copia ou recibir notificación da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

Art. 2.- O Concello de empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas sitas en Galicia.

Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas fóra do territorio da nosa Comunidade autónoma, o Concello empregará normalmente o castelán ou outra lingua oficial do lugar onde residan aquelas.

CAPITULO II DAS RESOLUCIÓNS E DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Art. 3.- Serán redactadas en galego:

a) as convocatorias das sesións de tódolos órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisión de Goberno, Comisións Informativas, Consellos sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.

b) as actas das sesións dos citados órganos municipais.

c) as resolucións do Alcalde, dos Conselleiros-delegados e o seu Libro de Rexistro.

Art. 4.- A documentación dos expedientes administrativos que dean lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitadas en galego, idioma no que se elabo-

rarán os modelos de documentos e impresos.

Nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa débese ter en conta o citado obxectivo.

Art. 5.- Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego.

Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio debe producir efecto fóra do territorio da Comunidade autónoma, tamén será redactado en castelán.

Art. 6.- Sen prexuício do que para os rexistros públicos establece do art. 9 da Lei 3/1983, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

CAPITULO III ATENCIÓN Ó PÚBLICO

Art. 7.- Os servicios da Oficina de Información e demais unidades administrativas que teñan unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e a información ós cidadáns dos seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten servicios públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto.

CAPITULO IV RELACIÓN COAS EMPRESAS PRIVADAS

Art. 8.- Os estudos, proxectos e traballos semellantes que o Concello encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego, anque a súa finalidade esixa a redacción noutra lingua.

CAPITULO V ANUNCIOS E PUBLICACIÓNS

Art. 9.- Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou calquera medio de comunicación radicado no territorio da nosa Comunidade autónoma, serán redactados en galego.

Fóra do ámbito lingüístico galego, a publicidade farase xeralmente en versión dobre.

Art. 10.- Con carácter xeral, as publicacións editadas polo Concello teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade, realizaranse en lingua galega.

Art. 11.- Os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

CAPITULO VI TOPÓNIMOS, SINALIZACIÓNS E RÓTULOS

Art. 12.- Consonte co que dispón o art. 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de é a galega, ó igual que a dos demais topónimos de Galicia.

Art. 13.- Os rótulos e sinalizacións da Casa do Concello, dos outros edificios e servicios públicos e da rede viaria municipal serán redactados en idioma galego.

Cando o interese xeral o requira, tamén se poderán redactar en castelán e noutros idiomas.

CAPITULO VII DO PERSOAL Ó SERVICIO DA CORPORACIÓN

Art. 14.- 1. A declaración da oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ó servicio da Corporación estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e na escrita, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza do seu posto de traballo.

2. Para acadar ese obxectivo, establecense as seguintes regras:

a) o persoal que actualmente traballe ó servicio da Corporación e non estea capacitado para o uso do galego de acordo co disposto no apartado núm. 1 do presente artigo deberá adquirir tal coñecemento. Con ese fin o Concello desenvolverá un programa de formación e perfeccionamento.

b) nos procedementos de selección do novo persoal incluírase sempre unha proba de coñecemento da lingua galega adecuada ó nivel e contido da praza convocada.

c) nos procedementos de previsión de traballo, o coñecemento da lingua galega terá a consideración de mérito preferente.

d) o persoal ó servizo da Corporación que teña acreditação o coñecemento do idioma galego ou participara nos programas de formación ou perfeccionamento estará obrigado á súa utilización no traballo de acordo coas disposicións que contén a presente Ordenanza.

CAPITULO VIII RELACIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Art. 15.- As actuacións realizadas polo Consello perante os órganos de xusticia faranse en lingua galega, consignándose sempre por escrito o cumprimento do art. 7.2. da Lei 3/1983, de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xusticia.

CAPITULO IX DA CREACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE NORMALIZA- CIÓN LINGÜÍSTICA E A RES- PECTIVA COMISIÓN INFOR- MATIVA.

Art. 16.- Para dar cumprimento ó espírito que aniña nesta Ordenanza crearase un Servizo Municipal de Normalización Lingüística e unha Comisión Informativa.

novas

LINGUAXE ADMINISTRATIVA NO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

A sección de Linguaxe Administrativa do Instituto da Lingua Galega nace como consecuencia dun convenio asinado o 20 de decembro de 1984, entre a Universidade de Santiago, a Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, O Goberno Civil de Pontevedra, O Instituto da Lingua Galega e un importante número de Concellos.

A necesidade de accións de carácter concreto e a urxencia na normalización do uso do galego no terreo administrativo e xurídico, esixían e apoiaban a creación desta sección.

SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO RECTORADO

A normalización lingüística institucional comeza na Universidade en maio de 1984 cando se crea o *Servizo de Tradución* no Rectorado da Universidade; daquela tres alumnos do último curso da licenciatura de galego da Facultade de Filoloxía afrontan a tarefa de introduci-lo galego na vida administrativa da Universidade.

Foi nestas datas, curso 1984-85 cando os formularios de matrícula saíron por primeira vez en galego. O mesmo tempo abordábase diariamente a tradución de escritos, cartas, notas oficiais, anuncios, etc. que en grande cantidade produci- se a administración universitaria.

Ó longo dos seus catro anos de existencia saíron á luz como froito do seu traballo, tres números dos *Cadernos de Documentación Municipal* que recollen os formularios correspondentes a "Patrimonio e bens", "Contratación" e "Urbanismo" respectivamente, así como os *Formularios da Administración Educativa de Galicia* e unha grande cantidade de traducións solicitadas polos Concellos, Delegacións Provinciais, Deputacións, Goberno Civil de Pontevedra e outras institucións.

Para coñecer con maior eficacia a realidade sociolingüística do lugar onde debían desenvolve-lo seu traballo efectuaron unha enquisa entre o persoal que traballaba no Rectorado. Cunha participación do 67% os resultados, en conxunto, foron moi positivos cara á normalización lingüística: tendo en conta que máis da metade do persoal tiña como lingua materna o castelán, e un 12% non era natural de Galicia, o 70% dos traballadores estaba de acordo coa galeguización da vida administrativa, o 77% cría que se debería utiliza-lo galego con máis frecuencia e ó 84% parcialle ben que se intentara introduci-lo galego

Na actualidade a Sección de Linguaxe Administrativa está a realizar un Vocabulario Xurídico-administrativo bilingüe de próxima aparición, a traducións dos formularios correspondentes ás actividades dos Xulgados de Paz e tamén a elaboración dun volume actualizado e revisado que recolle a Lexislación de Réxime Local.

Así mesmo, estase elaborando un novo número dos *Cadernos de Documentación Municipal* correspondente ó "Réxime xurídico".

na Administración universitaria. Só un 12% era contrario á normalización.

En novembro dese mesmo ano fíxose unha sondaxe entre todo o funcionariado co fin de establecer unha axeitada planificación lingüística e posteriormente ofrecer a todo o persoal a oportunidade de asistir a cursiños que principiara ou perfeccionaran o seu coñecemento do galego. Os cursiños desenvóléronse ó longo de todo o ano 1985. Con eles perseguíase que os funcionarios acadasen a suficiente autonomía lingüística como para poderen maioritariamente realiza-lo seu traballo directamente en galego,

deste xeito o *Servicio de Traducción* podería pasar a desenvolver tarefas de asesoramento e planificación, un paso adiante que se vía moi necesario.

As reaccións da comunidade universitaria verbo do emprego do galego foron, en xeral, favorables, aínda que houbo algunhas protestas: desde algún irado membro que devolvía un formulario por estar en galego e solicitaba vehementemente que se lle enviase un en castelán, ata escritos non menos irados que asinaban partidarios de diferentes tendencias ortográficas.

A Universidade vivía unha nova etapa, con cambios ben profundos. Os Estatutos da Universidade aumentaron considerablemente o caudal de traballo, a traducción do anteproxecto, o proxecto e a versión definitiva foi unha tarefa de meses.

En xullo de 1986 o Claustro Universitario aproba por 146 votos a favor, 5 en contra e 28 abstencións unha proposta de resolución asinada por 25 claustrais na que se di entre outras cousas no seu punto

terceiro: "En consecuencia a Universidade redobrará o seu esforzo para normaliza-lo noso idioma, tanto na propia Universidade coma no seo da sociedade galega".

En novembro de 1986 enviase unha circular a tódolos centros docentes da Universidade ofrecendo asesoramento lingüístico, servicios de traducción e corrección. Faise, así mesmo, un tímido intento de cambia-lo servicio de traducción por un de normalización comenzando a esixir ós funcionarios que redacten o escritos en galego e corrixíndoos posteriormente, baseándose en que a maioría dos funcionarios xa están capacitados para desenvolve-lo seu labor nesta lingua; este feito produce dúas reaccións: algunhas seccións comezan efectivamente a traballar en galego enviando os seus escritos para a corrección, outras confeccionan os seus escritos en castelán desentendéndose do servicio.

A partir do 16 de maio deste ano a Universidade conta cun técnico en normalización lingüística e cunha bolseira destinada principalmente a tarefas do Gabinete de Prensa.

Como actuacións máis destacadas para este curso preténdense realizar cursiños de lingua galega para todo o persoal de administración e servicios e asemade, e por primeira vez, ofrecerlle esta posibilidade ós profesores. Está en elaboración un "Formulario Administrativo da Universidade" destinado tanto ós servicios administrativos do Rectorado coma ós dos centros, con el conseguiríase dar un modelo para a administración dos distintos campus e contribuír asemade á uniformización de formularios. Creouse xa, por outra banda, unha sección fixa na revista *Universidade* que publica o Vicerrectorado de Planificación, deuse nela información sobre os dereitos lingüísticos dos membros da comunidade universitaria e onde se continuará con temas diversos: linguaxe administrativa, toponimia, cuestións léxicas, etc.

A Universidade deixa no pasado unha etapa de "traducción" e quere entrar de cheo nunha de "normalización".

SINGALA

xusticia

Nos últimos meses vimos teimando na necesidade de normaliza-la lingua galega na Administración de Xusticia. Con tal motivo, a nosa Asociación está a manter unha serie de contactos cos colectivos profesionais desta Administración: "Xuíces para a Democracia" e "Xusticia e Sociedade" principalmente.

Do mesmo xeito, tivemos conversas coas Direccións Xerais de Política Lingüística, Xusticia e Administración Territorial e coa Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

A tódolos integrantes do Patronato da Escola de Práctica Xurídica da Facultade de Dereito enviámoslle-lo programa que a Asociación redactou para que, ó abeiro da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da propia Lei de Normalización Lingüística, se dean os primeiros pasos.

Velaqui, dun xeito resumido, aqueles puntos máis salientables da nosa proposta:

a) Creación dun gabinete de traduccións e intérpretes, no Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

b) Organización dunha rede de tradutores a partir dos seminarios permanentes de lingua galega dos institutos de FP e BUP e dos servicios de normalización lingüística municipais e provinciais, que estean a disposición dos órganos da Administración de Xusticia, dos avogados, procuradores, rexistros e notarios.

c) Informatización das oficinas xudiciais con programas en lingua galega.

d) Convocatoria de becas para licenciados que queiran preparar oposicións á carreira xudicial, do rexistro e notariado. Os bolseiros terán que acredita-los correspondentes niveis de coñecemento da lingua galega.

e) Cursos de lingua galega para o alumnado da Facultade de Dereito.

f) Programación de cursos monográficos para os alumnos da Escola de Práctica Xurídica sobre dereitos lingüísticos e modernización da linguaxe xurídica.

g) Campañas de divulgación dos dereitos lingüísticos nas oficinas xudiciais para coñecemento de avogados, procuradores e público en xeral.

h) Nas vistas orais, os xuíces deberían invoca-los preceptos legais para coñecemento de tódolos presentes na sala: avogados, testemuñas e partes.

X.G.M.